

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

Expte. 34264/220

**ASUNTO: CESE DE PERSOAL EVENTUAL NA LEXISLATURA 2019-2023**

Constituída a Corporación Municipal de Vigo para a lexislatura 2019-2023 o día 15/06/2019, e en cumprimento das instrucións proporcionadas por esta Excm. Alcaldía, en acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2019 procedeuse á aprobación do número e réxime do persoal eventual, en cumprimento das instrucións proporcionadas pola Excm. Alcaldía e consonte á normativa vixente.

Ao abeiro do establecido nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local; artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Alcaldía-Presidentencia resolveu en data 17/06/2019, nomear a D.<sup>a</sup> Rocío Fernández Gil, como Secretaria Particular do Alcalde, na condición de persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo.

Vista a solicitude formulada pola interesada en data 25/06/2021, no que solicita a súa renuncia voluntaria, doc. 210115244, que obra incorporada ao presente expediente; e considerando o previsto nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local -que contempla que o nomeamento e cese do persoal eventual é libre, correspondendo este ao Alcalde ou Presidente/a da entidade local, establecéndose que o dito persoal cesará automaticamente cando expire o mandato da autoridade á cal presten as súas funcións de confianza e asesoramento especial-; artigo 176 do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia;

Visto o preceptuado no artigo 12 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla que é persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, solo realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

No uso das atribucións que o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, me outorga, pola presente **RESOLVO:**

**"PRIMEIRO.-** Cesar, con efectos económicos e administrativos do 11 de xullo do 2021, ao persoal eventual asignado á Alcaldía que seguidamente se relaciona, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime local, concretado en:

Secretaria do Alcalde.- D.<sup>a</sup> ROCÍO FERNÁNDEZ GIL



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/07/2021 10:14

Páxina 1 de 2

Expediente 34264/220

CSV: 2AEHDE-EFC4DC-4133AH-QR8AQY-UY9H1L-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Contratación, Patrimonio  
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

**SEGUNDO.-** Dispoñer que se proceda a comunicar a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Xefatura e persoal técnico da Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, Seguridade Social, Tesourería Municipal (Nóminas) e interesada para os efectos oportunos”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

EFC/MDG

Vigo, na data da sinatura electrónica

A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021).- Patricia Rodríguez Calviño

O ALCALDE.- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe,

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M.<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/07/2021 10:14

Páxina 2 de 2

Expediente 34264/220

CSV: 2AEHDE-EFC4DC-4133AH-QR8AQY-UY9H1L-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>